

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2020

1. Actividades celebradas no Centro de Interpretación Terras do Miño no ano 2020.
2. Actividades celebradas na Casa das Ínsuas de Rábade durante o ano 2020.
3. Actividades da Reserva da Biosfera Terras do Miño celebradas en varios concellos do territorio.
4. Visitas a centros educativos dentro do Programa "O Centro de Interpretación na rúa" para difundir as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
5. Execución do proxecto LIFE IN COMMON LAND "Xestión en común da terra, un modelo sostible de conservación e desenvolvemento rural en Zonas Especiais de Conservación".
6. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación de Pescadores Ponte de Areas co obxecto de colaborar na limpeza do Coto de Quinte no ano 2020.
7. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Centro de Interpretación Avifauna durante o ano 2020.
8. Colaboración coa Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo para axudar a sufragar os gastos do coidado dos animais acollidos nas súas instalacións durante o ano 2020.

9. Colaboración coa asociación Animals Help para axudar a sufragar os gastos de adquisición dun medio de transporte para o refuxio de animais de Xermade.
10. Colaboración coa Asociación Provincial Lucense de Apicultura para axudar a sufragar os gastos da edición da revista de Apicultura “O Cortizo” durante o ano 2020.
11. Coidado dos animais acollidos nas súas instalacións do refuxio de Xermade no ano 2020.
12. Asistencia a FITUR, celebrada en Madrid do 20 ao 24 de xaneiro de 2020, no stand da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.
13. Apoio á candidatura do proxecto Dukaree, presentado por Blas Piñar Martínez, participante nos Campus de Emprendemento Sostible da Reserva da Biosfera, á XI Edición dos Premios Agader 2020 na categoría “Loita contra o abandono e en prol da mobilidade de terras agrarias”.
14. Asistencia á Feira Xantar 2020 – 21º Salón Internacional de Gastronomía e Turismo celebrado do 5 ao 9 de febreiro de 2020 en Expourense.
15. Colaboración entre a USC e a Deputación de Lugo no proxecto de investigación para impulsar o aproveitamento sustentable e a valorización no territorio das Reservas da Biosfera existentes na provincia de Lugo da *Árnica Montana L.*
16. Edición do tríptico Vía Romana XIX no concello de Becerreá e de Baralla en colaboración co Concello e coa Asociación Patrimonio dos Ancares.

- 17.Revisión da información da Reserva da Biosfera Terras do Miño na nova páxina web do Programa MaB da UNESCO:
<https://en.unesco.org/biosphere/eu-na>.
- 18.Informe sobre as actuacións en fincas particulares colindantes coa estrada autonómica LU-231 Friol-A Baiuca, no municipio de Friol, na Reserva da Biosfera Terras do Miño e solicitude de informe ás administracións competentes.
- 19.Colaboración co IBADER (Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural), na organización en centros escolares da provincia de Lugo de actividades de educación ambiental relacionadas co proxecto LIFE BACCATA e co LIFE Fluvial.
- 20.Apoio ao proxecto “JÓVENES CONSTRUCTORES: Fortalecimiento de las capacidades técnicas, organizativas, económicas, innovadoras y sostenibles de mujeres y hombres jóvenes rurales de los Municipios de Somoto, Totogalpa y Las Sabanas del Departamento de Madriz, Nicaragua” presentado pola Fundación Taller de Solidaridad á Convocatoria de Subvencións da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e da Unión Europea presentados polos axentes da Cooperación Galega de 2020.
- 21.Apoio ao proxecto “Promoción de la economía rural y alternativas de vida dignas y amigables con el Medio Ambiente, desde un enfoque de Género en Desarrollo en 2 comunidades del Municipio de Sibinal – Quetzaltenango. Guatemala” presentado pola Fundación Taller de Solidaridad á Convocatoria de Subvencións da Dirección Xeral de

- Relacións Exteriores e da Unión Europea presentados polos axentes da Cooperación Galega de 2020.
22. Apoio ao proxecto “ ENIL–Red de espacios naturales de interés local en la provincia de A Coruña”, presentado á Convocatoria de axudas da Fundación Biodiversidade, en réxime de concorrencia competitiva, para a avaliación da biodiversidade terrestre española 2020.
23. Apoio ao proxecto “Factores implicados na conservación do bivalvo de auga doce en perigo de extinción *Margaritifera margaritifera* . A importancia dos hospedadores no desenvolvemento de estratexias ex situ” presentado pola USC á Convocatoria de axudas da Fundación Biodiversidad para a avaliación da biodiversidade terrestre española 2020.
24. Traslado ao Comité Español do Programa Persoa e Biosfera (MaB) do informe relativo á documentación adicional solicitada polo seu Secretario, en relación á situación de determinados proxectos mineros (LAGO II, KARLES, ALICIA e PASTORIZA) na Reserva da Biosfera Terras do Miño.
25. Participación na iniciativa do OAPN á Rede Española de Reservas da Biosfera para recompilar "Poemas da Biosfera", que finalizou coa edición dixital da recompilación realizada durante o Estado de Alarma.
26. Participación na Xornada online “Alimentos da Biosfera” celebrada o 6 de maio de 2020 e organizada pola Rede Rural Nacional do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

27. Informe relativo ao escrito presentado pola Asociación Terra Chá Sostenible á Secretaría do Comité Español do Programa Persoa e Biosfera (MaB), en relación á destrución dunha serie de hábitats e deterioro de humedais na Reserva da Biosfera Terras do Miño.
28. Colaboración no traballo de fin de ciclo do módulo de Educación e Control Medioambiental de Estefanía García Cabanas sobre as actividades de educación ambiental nas 6 Reservas da Biosfera de Galicia.
29. Colaboración na sinalización do carril bici do Paseo do río Rato en Lugo.
30. Participación nas reunións virtuais celebradas os días 26 de xuño e 24 de xullo de 2020 con representantes do Consello de Xestores da Rede Española de Reservas da Biosfera, co obxectivo de establecer criterios sobre a representación da mocidade nas Reservas da Biosfera.
31. Participación na enquisa elaborada pola Secretaría do Programa MaB sobre os “Mozos das Reservas da Biosfera Españolas” destinada aos xestores das Reservas da Biosfera.
32. Informe en relación á tala de árbores e execución dun aparcamento na beira do río Miño no Club Fluvial de Lugo, na Reserva da Biosfera Terras do Miño.
33. Difusión do concurso fotográfico "Wiki Loves Monuments" en colaboración coa Rede Española de Reservas da Biosfera.
34. Contestación á consulta sobre o alcance da avaliación de impacto ambiental do proxecto Parque eólico Mistral e a súa infraestrutura de

- evacuación, nos termos municipais de Xermade, Guitiriz e Vilalba (Lugo).
35. Contestación á consulta sobre o alcance da avaliación de impacto ambiental do proxecto Parque eólico Monzón de 50,4 MW e a súa infraestrutura de evacuación, nos termos municipais de A Pastoriza e Meira (Lugo).
36. Contestación á consulta sobre o alcance da avaliación de impacto ambiental do proxecto Parque eólico Balindos cunha potencia de 54 MW situado nos termos municipais de Pol (Lugo) e a súa infraestrutura de evacuación nos termos municipais de Baleira, Pol, Meira, A Pastoriza, Riotorto e 12 máis (en Lugo e A Coruña).
37. Aprobación e publicación do Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Deputación provincial de Lugo do Parque do río Rato e de Paradai na Reserva da Biosfera Terras do Miño no BOP nº 156 do 9 de xullo de 2020.
38. Establecemento en concorrencia competitiva dun acordo de custodia do territorio (2020–2024), nas fincas propiedade da Excm. Deputación provincial de Lugo, situadas nas Insuas do Miño e Ollos de Begonte, coa Asociación Galega de Custodia do Territorio.
39. Colaboración coa Asociación Corripa no desenvolvemento de dúas actividades dentro do Proxecto LIBERA de SEO/Birdlife, en alianza con Ecoembes, dentro da convocatoria xeral a nivel estatal, na xornada de voluntariado de recollida de residuos e obradoiro de identificación de

- pegadas e rastros no Parque da Tolda, en Lugo, o 15 de outubro de 2020.
- 40.Recepción de alumnado das materias de "Planificación e Xestión de espazos naturais" dos Máster de Enxeñería Ambiental e Enxeñería de Montes da USC o 27 de outubro de 2020 na Casa das Insuas e presentación do modelo de xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
 - 41.Execución do Proxecto de rehabilitación azud–presa de derivación e escala de peixes, no conxunto etnográfico e aproveitamento hidroeléctrico no Mazo de Santa Comba, no río Chamoso, no termo municipal de Lugo.
 - 42.Convocatoria para a concesión de autorizacións de uso das hortas urbanas ecolóxicas do Parque do río Rato para as persoas que xa eran usuarias das mesmas en anos anteriores, na Reserva da Biosfera Terras do Miño, publicada no BOP nº 264 do 17 de novembro de 2020.
 - 43.Instalación dun panel informativo da Reserva da Biosfera Terras do Miño no concello de Baralla.
 - 44.Rexistro da marca “RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO” na Oficina Española de Patentes y Marcas (OEPM) nas clases 3, 5, 8, 14, 15, 16, 18, 20, 21, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 35, 39, 41, 42, 43 e 44.
 - 45.Participación na XIX Reunión do Consello de Xestores da Rede Española de Reservas da Biosfera celebrada online en dúas xornadas (10 de setembro e 27 de outubro de 2020).

46. Participación na xornada online “As Reservas de Biosfera e o traballo en rede” organizada polo CEIDA o 4 de novembro de 2020.
47. Colaboración co alumnado do Grado de Mestre en Educación Primaria, da asignatura de Xeografía, nos seus traballos do estudo paisaxístico da Reserva da Biosfera Terras do Miño relativo ao patrimonio natural e cultural material e inmaterial, así como á súa aplicación á educación ambiental.
48. Organización do Ciclo de Conferencias Luis Asorey en colaboración coa Real Academia Galega de Ciencias e a USC entre os días 16 e 30 de novembro de 2020 sobre “Biointensificación. Retos na agricultura, gandería, sector forestal e alimentación”.
49. Colaboración coa Secretaría do Programa MaB en España na actualización da información relativa á zonificación da Rede Española de Reservas da Biosfera.
50. Colaboración coa 7ª edición da Revista Micolucus (2020), que inclúe traballos sobre o patrimonio xeolóxico das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
51. Tramitación do VII Concurso de Fotografía “Sendeiros das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses”.
52. Participación na Comisión de Seguimento online do proxecto LIFE FLUVIAL, apoiado pola Deputación de Lugo, celebrada o 3 de decembro de 2020.

53. Participación na reunión preparatoria online para o Comité da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia celebrada o 4 de decembro de 2020.

54. Publiirreportaxe en “El Progreso” e “La Voz de Galicia” en decembro de 2020 sobre as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.